

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia o Centro de Investigación de Tecnoloxías en Telecomunicación, atlantTic da Universidade de Vigo para a colaboración e compartición de coñecemento no marco do proxecto “EdugallA”, o cal está suxeito á obtención de financiamento da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID), do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra parte, don **MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER**, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con dirección en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

MANIFESTAN



1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta idónea ás necesidades específicas de apoio educativo, incluíndo a loita contra o abandono escolar e a diminución da taxa de abandono educativo temperán, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que dediquen os seus esforzos a esta finalidade.

Con esta finalidade a Consellería diseña o proxecto EdugallA cuxos obxectivos son a loita contra o abandono escolar e a diminución da taxa de abandono educativo temperán.

3. Que Dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 no seu eixe 4 "Cohesión social e territorial" e co fin de promover unha educación inclusiva e de calidade establécese como reto *"Consolidar un rendemento escolar por encima da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado, en especial do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (alumnado con necesidades educativas especiais, dificultade de aprendizaxe, altas capacidades, alumnado estranxeiro, etc.)"*.

4. Que o Consello da Xunta presentou o 02/09/2023 a Estratexia de Educación Dixital 2030 que entre as súas accións de impacto establece a A4 que avoga por unha Administración Educativa Dixital.

5. Que os obxectivos do proxecto EdugallA forman parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible da UNESCO; en particular, están aliñados co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 4 (ODS 4 Educación de Calidade).

6. Que o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo (en diante atlanTTic) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión impulsar o avance da sociedade a través da xeración e transferencia de coñecemento no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación e os servizos dixitais.



7. Que atlantTtic, entre os seus servizos, proporciona asistencia técnica e asesoramento tecnolóxico en proxectos de innovación TIC polo que é a institución adecuada para colaborar no proxecto EdugalIA.

8. Que o 23 de xuño de 2023, se publicou no BOE a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación destinada a fomentar o desenvolvemento e adquisición de produtos ou servizos innovadores, co fin de:

- a) Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia;
- b) Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante a contratación;
- c) Reforzar a comercialización da innovación empregando o cliente público como cliente lanzador ou de referencia;
- d) Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das PEME.

Posteriormente, o 21 de febreiro de 2024, publicouse a Convocatoria asociada correspondente ao exercicio 2024 (Código BDNS: 744553) (en diante, a Convocatoria).

En consecuencia, as dúas partes acordan subscribir este convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O presente acordo permitirá establecer unha canle de colaboración entre as entidades asinantes con pautas que permitan a comunicación e intercambio de información nos ámbitos das tecnoloxías relativas á intelixencia artificial, o procesamento de linguaxe natural e as bases de datos no marco do proxecto EdugalIA.

Segunda. *Actuacións a realizar*

No marco do presente convenio de colaboración ambas as partes mostran a súa vontade de colaborar no intercambio voluntario de información no marco do proxecto



EdugalIA. Por iso, o alcance das actuacións auspiciadas polo mesmo correspóndense co intercambio mutuo e voluntario de información que sexa de interese para ambas as partes no exercicio das súas funcións.

Terceira. *Inexistencia de conflitos de interese*

Os intercambios de información a realizar no marco do presente convenio en ningún caso implicarán actividades polo persoal de atlantTic que puidesen ter no futuro a consideración de conflito de intereses segundo se define no artigo 64.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP). Por este motivo, as actividades que desenvolva o persoal de atlantTic no marco do presente convenio excluirán especificamente a súa implicación na elaboración de pregos, valoración de ofertas ou calquera outra implicación nos expedientes de contratación que se puidese interpretar no futuro como unha situación de conflito de intereses de concorrer persoal de atlantTic ás licitacións que se deriven do proxecto EdugalIA.

Cuarta. *Propiedade Intelectual*

En ningún caso as cláusulas do presente acordo supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade entre as partes.

O uso non autorizado, ou autorizado para un fin distinto ao pactado no presente acordo por unha das partes, ou o uso de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial desta, facultará á outra parte para instar a resolución do presente acordo.

Quinta. *Financiación*

O presente convenio non contempla ningún tipo de contido económico nin xera ningún compromiso ou obrigação recíproca, de carácter económico, financeiro ou xurídico, que puidese ser obxecto de reclamación ou litixio entre as partes. As actuacións que efectúen as partes no marco deste convenio desenvolveranse con cargo aos seus respectivos orzamentos correntes.

Sexta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de atlantTic e a Xunta Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria,



polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/o a vixencia deste convenio.

Sétima. *Comisión de seguimento*

1. Para o seguimento do convenio, así como para o coñecemento de calquera cuestión que poida xurdir sobre a súa interpretación, control da execución e cumprimento dos compromisos asumidos polas partes constituirase unha comisión mixta de seguimento constituída por catro persoas, designando cada unha das partes dúas, correspondendo a presidencia a unha das persoas representantes da Consellería e a secretaría a unha de atlantTic.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez no curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Realizar o seguimento do presente convenio e analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*



Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contenciosa administrativo, tras esgotar a vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir os deberes que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir cos deberes derivados da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. *Extinción do convenio*

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria de nulidade.
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo segunda. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa firma, e desenvolverase durante un prazo de catro anos, renovable anualmente, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal de catro anos.

Décimo terceira. *Notificación electrónica*

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado



electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. *Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno*

A firma deste convenio supoñerá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

Pola CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Pola UNIVERSIDADE DE VIGO
(Centro de Investigación atlantTic)

O CONSELLEIRO,

O REITOR

Román Rodríguez González

Manuel Joaquín Reigosa Roger

